cREAgal

RECURSOS EDUCATIVOS ABERTOS

Estructuras cooperativo

Folio xiratorio

O/A docente expón unha tarefa.

Unha persoa do equipo escribe a súa resposta nun folio.

O resto do equipo comproba o que escribe e corrixen e/ou axudan.

Cando remata, pásallo á seguinte persoa para que faga a súa parte, e así sucesivamente.

“Folio xiratorio”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

Lapis ao centro

O/A docente expón unha tarefa.

Os lapis colócanse no centro.

Unha persoa le a primeira pregunta en voz alta, entre todas as persoas buscan a resposta correcta, cando chegan a un acordo cadaquén colle o seu lapis e escribe a resposta, en silencio.

Cando rematan pasan á seguinte pregunta.

"Lapis ao centro", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0

1-2-4

O alumnado pensa individualmente á proposta que se lle presenta.

Despois, comentan por parellas a resposta ou conclusión á que chegaron.

Finalmente o equipo decide cal é a resposta axeitada.

"1-2-4", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0